

Adela Figueroa, escritora: "Galiza ten unha cultura de seu, latexante, e só se pode salvar unida á súa natureza"

Adela Figueroa (Lugo, 1948) explora en *Erótica e a alma das cereixas* (Andrómena Senlleira) o papel do erotismo na natureza e na vida humana. O libro reivindica a sensualidade da identidade cultural galega e a conexión coas nosas raíces a través das imaxes suxestivas da natureza do noso país.

Sergio Casal

06 de febreiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/galiza-ten-cultura-seu-latexante-so-pode-salvar-unida-sua-natureza/20260206222839246648.html>

- Que cuestións quixo explorar neste libro?

Este libro trata un asunto que, desde o punto de vista da bioloxía, é importantísimo. Falamos dos cortexos que fan os distintos elementos dun par para conseguir a reprodución das especies en toda a natureza. Nas plantas, animais e, sobre todo no ser humano, o erotismo alcanza niveis requintados de poesía. O libro é un canto á vida e á esperanza.

- Como diría que é o erotismo na natureza?

Cando se reproduce a vida, sempre hai unha expectativa de futuro e o erotismo é o instrumento que os seres humanos utilizamos a imitación do resto da natureza. Os cortexos nupciais máis vistosos danse entre paxaros, tamén as flores son elementos eróticos para a reprodución da planta. Todo na natureza fálanos de erotismo.

- Cal é para vostede a vinculación entre o erotismo e as cereixas?

A cereixa paréceme un elemento moi erótico. O feito de mordela, por exemplo. Tamén o figo. Desde moi antigo, os figos considéranse tamén froitos de tipo erótico. As cantigas de amigo e de amor teñen tamén imaxes deste erotismo na natureza. Todo na natureza, sobre todo neste tempo no que o inverno comeza a ser vencido e se anuncia a primavera, fala dun rebentar da vida no hemisferio norte.

- E como se tece ese erotismo na cultura popular galega?

Nós somos moi barrocos e sensuais, pero por ser un país colonizado, as nosas expresións culturais están algo escamoteadas no medio do que é a cultura oficial do Estado español. O que quero é celebrar esa sensualidade galega nestes versos. Todo o que eu escribo ten tamén ese

transfondo de afirmación da nosa identidade cultural. Isto é algo que vén de moi antigo. Un dos petróglifos máis antigos que se coñecen está no Monte do Gato –entre os concellos de Aranga, Coirós e Oza-Cesuras, nas Mariñas–, onde hai unha expresión dunha forma feminina coa cona claramente marcada, que é a nai natureza, de onde todos vimos.

- Como se constrúe este canto á vida que é *Erótica e a alma das cereixas*?

A capa está deseñada por Celsa Sánchez e a contracapa de André Peña Graña representa Daphnis e Chloe. Tras o limiar de Eladio Rodríguez, a persoa lectora pode atopar algúns poemas máis erótico festivos e outros máis parcos. Na primeira parte do libro vai intercalado entre poemas un conto por capítulos en clave erótica, pero que trae tamén algo importante na Galiza, xa que acontece na emigración. A segunda está composta polos cantos ao nacer do día, que escribín no Nadal de 2021 vendo como o día nace tanto no inverno como cando despois se vai afianzando esa luz tan marabillosa que caracteriza a natureza galega ao chegar a primavera.

- Algunha mensaxe que quere deixar arredor dos temas que explora o libro?

O libro tamén e unha crítica á represión do erotismo. Por outra banda, na miña escrita sempre hai un afán de transcendencia que foxe da superficialidade. Galiza ten unha cultura de seu, propia, que está aí, latexante e que, aparentemente e aínda coas parvadas da xente lineal e simple que cre gobernar o mundo, ten esa cultura voluptuosa, rica e pegada á natureza. Galiza só se pode salvar unida á súa natureza.